



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de febreiro de 2021(976/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño
D. Carlos López Font (on line)

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día dezanove de febreiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a Secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(123).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(124).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN INTEGRAL DO CÉSPEDE DE HERBA NATURAL E DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE O VAO-CORUXO". EXPTE. 698/441.

Visto o informe xurídico do 15/02/2021 e o informe de fiscalización de data 17/02/2021, dáse conta do informe-proposta asinado en data 29/01/2021, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do servizo xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 04/03/2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto básico e de execución para a renovación integral do céspede de herba natural e da instalación de alumeado do terreo de xogo do Campo Municipal de Fútbol de O Vao, Coruxo a favor da empresa Calderon & Asociados Ingeniería SLP.

2º.- A empresa Calderon & Asociados Ingeniería SLP presenta borrador de "Proxecto básico e de execución para a renovación integral do céspede de herba natural e da instalación de alumeado do terreo de xogo do Campo Municipal de Fútbol de O Vao, Coruxo", redactado por D. Julio Calderón Carrero, Enxeñeiro Forestal, por D. Álvaro Calderón Carrero, Enxeñeiro Industrial e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 09/10/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 09/10/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22/10/2020 aprobou o proxecto de "RENOVACIÓN INTEGRAL DO CÉSPEDE DE HERBA NATURAL E DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE O VAO-CORUXO" subscrito polo Enxeñeiro Forestal D. Julio Calderón Carrero, polo Enxeñeiro Industrial D. Alvaro Calderón Carrero e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 €) e con data de agosto de 2020.

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22/10/2020 que se corresponde cos expediente administrativo 4710/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado por D. Julio Calderón Carrero, Enxeñeiro Forestal, por D. Álvaro Calderón Carrero, Enxeñeiro Industrial e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez, con sinatura dixital de data 07/08/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 06/11/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06/11/2020.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 23/11/2020 e 24/11/2020.



Concello de Vigo

- E) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas dos proxectos en data 29/11/2020.
- F) Certificado de existencia de crédito (RC nº 202000080497) asinado polo Director Superior Contable en data 28/12/2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 15/01/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 27/01/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 27/01/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09/10/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "**RENOVACIÓN INTEGRAL DO CÉSPEDE DE HERBA NATURAL E DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE O VAO-CORUXO**", redactado por D. Julio Calderón Carrero, Enxeñeiro Forestal, por D. Álvaro Calderón Carrero, Enxeñeiro Industrial e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 642.434,46 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que reixerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 27/01/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 111.496,89 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.632.00.61 (Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Vao), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	642.434,46 €
TOTAL	642.434,46 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(125).- LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE SANIDADE. EXPTE. 6591/241.

Dáse conta do informe-proposta asinado en data 18/02/2021, pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Contratación e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.
- Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do Presidente da Xunta de Galicia.
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia.
- Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

c) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo.

d) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) adxudicado a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

4º.- Requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.”

Segundo.- En datas 17 e 18 de xaneiro de 2021, no servizo de Contratación recíbense as solicitudes de levantamento da suspensión destes contratos, asinadas polos responsables

do contrato, a xefa do servizo de Educación e o xefe do servizo de Museos, respectivamente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

En data 25 de outubro de 2020, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.

Esta norma, no seu artigo 2, designa como autoridade competente ós efectos do estado de alarma ó Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, ós presidentes das mesmas.

As autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, e para frenar o avance da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comunidade autónoma, o Presidente da Xunta de Galicia, na súa condición de autoridade competente delegada, emitiu o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e impón o cumprimento das medidas da Consellería de Sanidade contidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 26 de xaneiro de 2021, no seu Anexo, impón o cumprimento de determinadas medidas de prevención específicas, aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

O apartado 4 do Anexo regula “Medidas especiais para determinadas actividades”. Entre elas adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da orde, entre outras, das seguintes actividades (apartado 4.1 do Anexo):

- III.2.4.1. Museos.
- III.2.4.2. Bibliotecas.

O peche das instalacións municipais citadas implica a imposibilidade sobrevida da execución, total ou parcial, segundo os casos, dos contratos relacionados coa xestión das mesmas, en función das prestacións obxecto de cada un deles.

Á vista da citada Orde, a XGL, á solicitude dos responsables dos contratos afectados polas medidas de peche temporal das instalacións citadas, acordou a suspensión dos seguintes contratos:

- Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente nº 2299-341)



- Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332)

O Presidente da Xunta de Galicia, na súa calidade de autoridade competente delegada, mediante Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, impón o cumprimento das medidas da Consellería de Sanidade contidas na Orde do 15 de febreiro de 2021. Esta dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde modifica a medida de peche das citadas instalacións, que poderán abrir con limitacións de aforo. Así, no apartado segundo, punto seis determina que:

“3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.”

-II-

NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE ÓS CONTRATOS AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a natureza e a lexislación á aplicar a cada un dos contratos afectados pola suspensión.

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC).

O contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente nº 2299-341) foi adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., o 15 de novembro, e formalizouse o 13 de decembro de 2019.

O contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) foi adxudicado pola XGL o 24 de setembro de 2020, a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L e formalizouse o 2 de decembro de 2020.

Ambos contratos se rexen pola seguinte normativa:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

É preciso por de releve que o réxime da suspensión na LCSP foi modificado pola disposición final quinta (apartado tres) do R.D.-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia («B.O.E.» 31 decembro) que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021. Por tratarse dunha prerrogativa da Administración aplícase a normativa vixente no momento da súa execución.

-III- DO LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. A vixente lei de contratos a recolle no artigo 190 entre as prerrogativas da administración no seno do contrato e a regula no artigo 208.

Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento. Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

Modificada a orde de peche dos museos e bibliotecas pola Orde do 15 de febreiro de 2021, que autoriza a súa apertura con limitacións de aforo, procede acordar o levantamento da suspensión.

-IV- EFICACIA RETROACTIVA DO LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN

A lei impón ós órganos administrativos o cumprimento das normas e actos ditados por outros órganos no exercicio da súa propia competencia, aínda que non dependan xerarquicamente entre sí, ou pertencen a outra Administración (artigo 39.4 LPAC).

A orde da Consellería publicouse no Diario Oficial de Galicia o 15 de febreiro de 2021 (número 30-Bis). Dispón a mesma con relación a súa vixencia que:

“Terceiro. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021 e estenderán a súa eficacia ata as 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, sen prexuízo da súa posible prórroga. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade”.

Circunstancia que determina a necesidade de darlle efectos retroactivos ó acto no que se acorda o levantamento da suspensión de contratos. En consecuencia procede analizar a posibilidade de outorgar efectos retroactivos ó presente acordo.

Que un acto administrativo produza os seus efectos nunha data anterior á que se dita é algo excepcional. Así, a lei de procedemento permite que excepcionalmente, poida outorgarse eficacia retroactiva ós actos supeditada ó cumprimento dos seguintes requisitos (artigo 39.3 LPAC):

- Que os actos se diten en substitución de actos anulados.
- Que produzan efectos favorables ó interesado.

Neste segundo suposto, de actos que produzan efectos favorables ós interesados, a lei esixe que:

- Os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraía a eficacia do acto.



Concello de Vigo

➤ Que a retroactividade non lesione dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.
No caso que nos ocupa a retroacción do acordo de levantamento da suspensión produce efectos favorables ós contratistas, e non prexudica dereitos ou intereses de terceiros, e o suposto de feito necesario para acordar a suspensión do contrato existía na data de retroacción.

**-V-
COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 15 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- ***Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A.***
- ***Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) adxudicado a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.***

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 17 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(126).- NOMEAMENTO INTERINO DE OITO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 37080/220.

Visto o informe de fiscalización do 19/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, conformado pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, a Xefatura da Área de Benestar Social e a Concelleira de Política Social, remiten escrito solicitando con carácter urxente seis auxiliares de administración xeral e nove diplomados/as en traballo social para atender o incremento de demandas aos servizos sociais provocadas pola COVID 19.

Por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 29/10/2020 e 12/11/2020 foron nomeados/as 6 auxiliares e 1 diplomado/a en traballo social, quedando pendente de tramitar o nomeamento de oito diplomados/as en traballo social ao non contar a lista de reserva vixente naquel intre con mais candidatos/as que puidesen ser propostos/as.

II.- Consta orde de incoación do expte de data 08/10/2020 da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, para atender á solicitude de persoal formulada e incorporación aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna por un período de seis meses.

III.- Consta así mesmo no expediente informe técnico de cuantificación económica que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Comprobadas as listas de reserva, e de conformidade cos Criterios de xestión das listas referidas aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das aspirantes que figuran no informe de verificación anexo ao expediente.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año



Concello de Vigo

*correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.***

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.** A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del***

ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso as do posto cod. 81-Diplomado/a en traballo social, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 36223-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2021) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude do nomeamento interino de diplomados/as en traballo social polo procedemento de urxencia, para xestionar adecuadamente o incremento de solicitudes, consecuencia do aumento da vulnerabilidade económica e social ocasionado polo COVID-19 a un importante número de familias, polo que resulta necesario a incorporación dos/das referidos/as diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 08/10/2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses de oito diplomados/as en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto

de **160.309,68 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **51.224,60 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL (8 POSTOS) Acumulación tarefas

Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021		Periodo - (01-03/2021 a 31/08-2021) orientativo - 8 POSTOS – 6 meses	
Retribucións totais (1 posto)	40.077,42 €		160.309,68 €
Seguridade Social (1 posto)	12.806,15 €		51.224,60 €
Total	52.883,57 €		211.534,28 €

Igualmente se fai constar que: *“O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

No informe de fiscalización deberá considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 08/02/2021, que damos integramente por reproducido aos efectos oportunos.(trámite 17 do expte.)

V. - Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe técnico de verificación, asinado polo que subscribe, e que obra no expediente:

“Que consultadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a en traballo social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Diplomadas en Traballo Social, por acumulación de tarefas, a M^a A. Malvido Rodríguez, con dni ***3957**, a T. Elvira Muñiz, con dni ***6206**, a M. Martínez Majolero, con dni ***5119**, a L. Diaz-Ageo Nodar, con dni ***1964**, a C. Iglesias Martínez, con dni ***3538**, a T. Bouzón vila, con dni ***6279**, a L. Alonso González, con dni ***8161** e a N. Araujo Montenegro, con dni, ***0545**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 11/02/2021, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral



Concello de Vigo

Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019, 26/06/2019, 02/09/2019 e, 17/08/2020, e acordos da XGL de 20/06/2019,04/07/2019,05/09/2019,18/08/2020, 05/11/2020 e,19/11/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de oito funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social, cód. 81, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, xustificado nas necesidades do Servizo de Benestar Social, para xestionar adecuadamente o incremento das solicitudes derivadas da COVID 19, finalizando a relación de servizo, transcorrido dito período e, en consecuencia, autorizar o gasto total de **211.534,28€ no exercicio 2021** (dos que **160.309,68€ corresponden a retribucións e 51.224,60€ a seguridade social a cargo do empregador**).

SEGUNDO: O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas, *como diplomadas en Traballo Social* a **D^a. M^a A. Malvido Rodríguez, con dni ***3957****, a **D^a. T. Elvira Muñiz, con dni ***6206****, a **D^a. M. Martínez Majolero, con dni ***5119****, a **D^a. L. Diaz-Ageo Nodar, con dni ***1964****, a **D^a. C. Iglesias Martínez, con dni ***3538****, a **D^a. T. Bouzón vila, con dni ***6279****, a **D^a. L. Alonso González, con dni ***8161**** e, a **D^a. N. Araujo Montenegro, con dni, ***0545****, na súa condición de seguintes aspirantes na lista de reserva aprobada pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cod. 81-Diplomado/a en traballo social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, ao Xefe de Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(127).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á “CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA LA FINANCIACIÓN DE ACTIVIDADES A DESARROLLAR POR LAS CORPORACIONES LOCALES EN MATERIA DE JUVENTUD DURANTE 2020-2021” (FEMP). EXPTE. 9187/336.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 17/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2021, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, pola concelleira-delegada de Xuventude e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con motivo da “*Convocatoria de ayudas para la financiación de actividades a desarrollar por las corporaciones locales en materia de juventud durante 2020-2021*” da Federación de Municipio y Provincias (FEMP); preséntase proposta para solicitar subvención co proxecto denominado “**AULA VIRTUAL JUVENIL DE MEDIO AMBIENTE**” A nosa proposta vira en torno ao tema do medio ambiente e os/as xóvenes. A nosa cidade conta con iniciativas de sensibilización cara á sustentabilidade e a concienciación sobre o respecto ao medioambiente que inciden en diferentes eixos transversais: sustentabilidade enerxética nas accións municipais e novos proxectos de humanización, fomento dos hortos urbanos, reciclaxe de residuos e refugallos orgánicos, programas de actividades de sendeirismo e voluntariado ambiental, creación de novos roteiros ciclistas urbanos, entre outras.

Atendendo aos estudos elaborados a nivel nacional, á análise e valoración que desde a nosa Concellería percibimos sobre a sensibilidade cara ao tema ambiental do noso colectivo mozo e aos criterios destas axudas reflectidos nos apartados a) e d) da Parte Terceira das bases da convocatoria; propoñemos a CREACIÓN DUNHA AULA VIRTUAL DE MEDIO AMBIENTE PARA XÓVENES..

Esta proposta pretende dar resposta a estas inquietudes xuvenís e a desinformación que existe sobre os recursos e alternativas que cada cidadán pode desenvolver para paliar o grave problema das consecuencias nefastas que o cambio climático ten e terá sobre as nosas vidas.

Trátase da creación e posta en marcha dunha aula xuvenil ambiental -que nesta primeira etapa sería necesariamente virtual- a través da creación dunha plataforma electrónica:web



Concello de Vigo

en cuxa elaboración e xestión, procuraríase ademais a participación directa ,entre outros, de persoal novo capacitado (colaboración con Ong de carácter similar da cidade).

A idea é crear unha plataforma web que permita a interacción co colectivo xuvenil nos temas relacionados co medio ambiente pero, desde unha perspectiva local atendendo ás súas necesidades reais da súa vida diaria e cun ton eminentemente práctico de maneira que sexa incorporable aos seus hábitos de vida.

En consecuencia o colectivo destinatario do proxecto é calquera mozo/a do municipio e de fóra do mesmo que participe directa ou indirectamente no proxecto e na posterior plataforma electrónica.

Obxectivos:

- Crear un espazo común de participación e interacción xuvenil, a través da posta en marcha dunha web/plataforma virtual que incida en tres aspectos que serán os eixos estruturais tendo como tema transversal o medio ambiente: Recursos/actividades/formación.

a) Recursos: Recursos existentes no Municipio de Vigo e en Galicia que traballen sobre o tema ambiental. Infraestruturas, asociacións, programas de carácter ambiental públicos e privados, subvencións, roteiros de sendeirismo, puntos limpos, roteiros urbanos para bicicletas, recursos naturais a preservar, entre outros.

b) Actividades:

- Creación de novos roteiros e carreiros (a pé e en bicicleta) no Municipio de Vigo.

- Actividades voluntariado (colaboracións con Ong): limpeza de montes e praias segundo tempadas, Campañas ambientais e de saúde: " Axuda a Vivir: Doa Sangue e Planta unha *Árbore" do Concello de Vigo, recuperación do Centro de Interpretación da Xunqueira do Lagares, conservación das masas forestais de interese ecolóxico da comarca viguesa, a través da protección de árbores autóctonas, plantación de árbores autóctonas, mantemento camiños forestais, Clínica de bicicletas: Información sobre roteiros en bicicleta na cidade e municipio/ normas/ talleres de mantemento e reparación, colaboración co programa das hortas municipais, voluntariado no programa municipal "Camiño a camiño" de roteiros de sendeirismo polo municipio de Vigo, turismo ecolóxico para mozos, entre outras.

c) Formación: Organización de obradoiros en liña de diferente duración e segundo demanda.

- Cursos en liña voluntariado ambiental/ flora e fauna dá Ría/ Illas Cíes/ axentes medioambientais/Sinalización de carreiros/hortas urbanas/ cociña saudable para adolescentes/ nutrición e alimentación saudable para xóvenes/ Reparación fácil de bicicletas/ elaboración de produtos cosméticos naturais/ Fotografía botánica/ Debuxo botánico/ como aforrar enerxía en casa/ Tipos de enerxías renovables, entre outros.

- Promoción de campañas de sensibilización ecolóxica dirixidas á mocidade viguesa.

3.2.2.- Fomentar a participación xuvenil a través do tema da ecoloxía en diferentes modalidades (voluntariado, participación cursos, participación en web)

3.2.3.- Promover a sensibilización dos/as mozas vigesas cara á necesidade dunha conciencia ecolóxica como forma de vida.

3.2.4.- Crear un espazo de encontro e participación xuvenil que facilite a interacción entre as institucións e o colectivo novo.

En consecuencia, propónse á **Xunta de Goberno Local**:

“1. Aprobar a solicitude de subvención que se achega e cúa proposta denominase **AULA VIRTUAL JUVENIL DE MEDIO AMBIENTE**”, á Femp para ser presentada na **“Convocatoria de ayudas para la financiación de actividades a desarrollar por las corporaciones locales en materia de juventud durante 2020-2021”** da Federación de Municipio y Provincias (FEMP) por un importe total: **23.000€ (vinte tres mil euros)**, dos que se solicitan **16.000€ (dezaseis mil euros)** de subvención á Femp. A aportación municipal será de **7.000€ (sete mil euros)** e deberán consignarse á partida **3370/2260901, Formación e ocupación do tempo libre”**”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez